



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

NOME
DNI

APELIDOS

CUESTIONARIO TIPO TEST que forma parte do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionarios/as interinos do grupo A, subgrupo A2, escala de administración especial , subescala técnica, taballador/a social do Concello de Ponteceso.

Consiste en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas, con catro respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido previsto no Anexo I das bases que rexen a convocatoria (parte xeral e específica) e que foi publicado no BOP da coruña o 3 de xaneiro de 2025.

O tempo máximo para realizar o exercicio será dunha hora.

A puntuación máxima desta fase será de 50 puntos, e cada resposta correcta sumará 1.25 puntos, sendo necesario obter 25 puntos para supercar o exercicio. O aspirante que non alcance dita puntuación será eliminado do proceso selectivo.

O aspirante deberá asinar todas as follas.

1. A Lei de Bases da Seguridade Social promúlgase en España no ano:

- ☒ a. 1963.
- b. 1962.
- c. 1964.
- d. 1978

2. O actual Código Deontolóxico de Traballo Social foi aprobado polo Consello Xeral do traballo social, no ano:

- a. 1999
- ☒ b. 2012
- c. 2011
- d. 2020

3. Segundo a categorización ETHOS (European Typology on Homelessness and Housing Exclusion) do senhogarismo e a exclusión residencial, estaría dentro da categoría de vivenda insegura (insecure housing):

- a. Estancia en centros de servizos ou refuxios (hostais para sen teito que permiten diferentes modelos de estancia).
- ☒ b. Vivir baixo ameaza de violencia por parte da familia ou parella
- c. Vivir nunha estrutura temporal ou chabola



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

d. Todas as anteriores son correctas.

4. Cal das seguintes afirmacións é correcta respecto ao modelo sistémico?;

a. Neste modelo enténdese á persoa como un ente sobre o que inflúe, tanto positiva como negativamente, a contorna e ambiente no que vive, sobre o que participa e ao que ha de adaptarse.

b. O obxectivo deste modelo é prover de servizos ás persoas e familias, cara a satisfacer as súas necesidades, tendo en conta as súas fortalezas e potencialidades e procurando unha atención integral.

c. Centra a intervención profesional nos problemas e demandas directas definidas polas persoas usuarias no momento en que acoden.

☒ d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

5. En que tipo de entrevistas a/o traballador/a social fai de receptor e contén a situación cando a persoa usuaria expresa conflitos psicosociais?

a. Entrevista de asesoramento

☒ b. Entrevista de soporte

c. Entrevista de orientación

d. Entrevista de contención

6. Das seguintes definicións da acción social, cal é a correcta:

a) É o sistema global de acción social que responde ao conxunto de aspiracións sociais dos pobos en relación á súa condicións de vida e convivencia.

☒ b) É o conxunto de medidas e procedementos de que dispón unha sociedade para lograr a maior adecuación posible entre os recursos e as necesidades para alcanzar o Benestar social.

c) É o regulamento da caridade.

d.) É a forma de Estado en que se recoñecen e tutelan os dereitos públicos subxectivos dos cidadáns.

7. No ámbito dos servizos sociais comunitarios:

a) Existirá un único expediente social específico.

b) Existirá un único expediente social especializado. tema global de acción social que responde ao conxunto de aspiracións sociais dos pobos en relación á súa condicións de vida e convivencia.

☒ c) Existirá un único expediente social básico.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

8. Cal das seguintes opcións forma parte das fases do Método básico de traballo social?:

- a. A entrevista.
- b. Visita domiciliaria
- ☒ c. Diagnóstico
- d. Son todas correctas

9. Non é un obxectivo do Comer na casa:

- a. Proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva.
- ☒ b. Ofrecer unha atención idónea ante situacións de emerxencia
- c. Facilitar un respiro ás familias e aos coidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación
- d. Facer un seguimento e acompañamento individualizado de cada persoa usuaria do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

10. En que supostos non se vulnera o secreto profesional?

- a. Cando reciba orde de informar sobre cuestións confidenciais polas forzas e corpos de seguridade.
- ☒ b. Cando a persoa usuaria ou terceiras persoas poidan resultar afectadas dunha forma inxusta e grave.
- c. Tras o falecemento da persoa usuaria.
- d. Todas as anteriores son falsas.

11. O Plan Concertado articula a cooperación económica e técnica entre a Administración do Estado e as comunidades autónomas, a través de:

- a. Un Decreto
- b. Un Decreto lexislativo
- ☒ c. Un convenio - programa
- d. Unha lei

12. Cal das seguintes funcións corresponde aos servizos sociais comunitarios básicos?

- a. Promover medidas de reinserción no seu ámbito de actuación e desenvolver medidas de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida das persoas usuarias.
- b. A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión a través de programas no medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.
- ☒ c. A participación na xestión das prestacións económicas e no seguimento dos proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

d. Ningunha é correcta.

13. O acollemento familiar poderá adoptar as seguintes modalidades atendendo a súa duración e obxectivos. Sinala a opción que non é correcta:

- a. De urxencia, principalmente para menores de 6 anos e cunha duración non superior a 6 meses, en tanto se decida a medida de protección familiar.
- b. Temporal, que terá un carácter transitorio, ben porque da situación do menor prevéxase a reintegración na propia familiar o ben se adopte unha medida de protección que revista un carácter máis estable, como un acollemento familiar permanente ou adopción parte do mesmo que se acorde.
- ☒ c. Preadoptivo, é o dirixido a comprobar a idoneidade do medio familiar e das persoas solicitantes da adopción valorando que reúna as condicións adecuadas para a atención integral do NNA.
- d. Permanente, que se constituira ben ao finalizar o prazo de dous anos de acollemento temporal por non ser posible a reintegración familiar ou ben directamente en casos de menores con necesidades especiais ou cando as circunstancias do menor e as o seu familiar así o aconsellen.

14. As situacións de malos tratos e abandono infantil prodúcense moi a cotío no contexto privado do fogar, de maneira que é pouco probable observalas directamente. Cales dos seguintes indicadores poden servir como primeira chamada de atención sobre a existencia dalgún tipo de malos tratos. Sinala a opción correcta.

- a. Características físicas do menor.
- b. Características comportamentais do neno/a.
- c. Características comportamentais dos pais/ titores/ coidadores.
- ☒ d. Todas as despostas anteriores son correctas.

15. Segundo o artigo 49 da Lei 3/2011 dp 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, constitúe unha situación de risco a seguinte:

- a. A falta de escolarización habitual do neno ou a nena ou do adolescente co consentimento ou a tolerancia dos pais, das nais ou persoas que exerzan a garda, sempre que non oscabe o desenvolvemento e o benestar da ou do menor, ou sempre que supoña un prexuízo grave do neno, ou a nena ou adolescente.
- b. A convivencia nun contorno sociofamiliar que deteriore gravemente a integridade moral do neno, ou a nena, ou adolescente, ou prexudique o desenvolvemento da súa personalidade.
- ☒ c. A utilización do castigo físico ou emocional sobre o menor que, sen constituír episodio severo ou patrón crónico de violencia, prexudique o seu desenvolvemento.
- d. As opcións a e b son correctas.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

16. “Os malos tratos a persoas maiores defínese como a acción única ou repetida, ou a falta de resposta apropiada, que lle causa dano ou angustia a unha persoa maior e que acontece dentro de calquera relación onde exista unha expectativa de confianza”

Unha das condicións para considerar malos tratos poderíamos dicir que é: (Guía de actuación coordinada contra maltrato de persoas maiores...)

- a. Que exista intencionalidade, xa que, se non hai intencionalidade, non hai responsabilidade.
- ☒ b. Que exista ou non intencionalidade
- c. Que exista un vínculo de relación, soamente no ámbito persoal, a priori significativo e personalizado, que xera expectativa de confianza.
- d. Ningunha é correcta.

17. Nunha persoa maior ou persoa con discapacidade a gravidade ou o gradode malos tratos a miúdo non se avalían con claridade cando se expresan por primeira vez. Por iso cando se fai unha avaliación da gravidade, terase en conta:

- a. A vulnerabilidade do individuo.
- b. A natureza e o alcance dos malos tratos.
- c. O risco de actos graves ou repetidos cada vez máis relacionados con persoas maiores e con discapacidade.
- ☒ d. Todas as opcións anteriores son correctas.

18. Cales son as principais formas de malos tratos nas persoas maiores recollidas na “Guía de actuación coordinada contra maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade”?

- a. Físico e negligencia - abandono.
- b. Físico, psicológico, sexual, negligencia - abandono e financeiro.
- ☒ c. Físico, psicológico, sexual, negligencia- abandono, financeiro,obstinación diagnóstica e obstinación terapéutica.
- d. Físico, psicológico e negligencia - abandono.

19. Cal das seguintes afirmacións correspóndese co Informe Social:

- a. É a parte común e cuantificable da historia social, que contén datos socio-demográficos, do hábitat e da intervención social.
- ☒ b. O seu contido derívase do estudo a través da observación e a entrevista, onde queda reflectida en síntese a situación obxecto, valoración, un ditame técnico e unha proposta de intervención profesional.
- c. É un instrumento de Traballo Social para a organización e análise de información sobre o sistema familiar.
- d. Todas as respostas anteriores son verdadeiras.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

20. Son prestacións socioeconómicas dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero:

- a. Renda Activa de Inserción.
- ☒ b. Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero
- c. As respostas a e b son correctas.
- d. Todas as respostas anteriores son falsas

21. Cál é a maior achega da Convención internacional sobre dereitos das persoas con discapacidade (New York, 13 de decembro de 2006) que conleva a reforma da lexislación en España?

- ☒ a. O seu artigo 12, no que se proclama que as persoas con discapacidade teñen capacidade xurídica en igualdade de condicións coas demais en todos os aspectos da vida.
- b. O seu artigo 12, no que se expresa que as persoas con discapacidade teñen dereito a tomar as súas propias decisións.
- c. O seu artigo 12, no que se prohíbe que as persoas con discapacidade sexan representadas na súa toma de decisións.
- d. As respostas anteriores son falsas

22. Coa entrada en vigor da lei 8/2021, as persoas que presten apoio ás persoas con discapacidade

- a) Poderán exercer funcións representativas, sempre que se considere necesario.
- b) Poderán prestar servizos asistenciais ou residenciais en virtude dunha relación contractual
- ☒ c) Deberán actuar atendendo á vontade, desexos e preferencias de quen o requira, procurando que a persoa con discapacidade poda desenvolver o seu propio proceso de toma de decisións.
- d) Serán nomeados os seus titores legais, garantindo o exercicio dos dereitos que lle corresponden á persoa con discapacidade.

23. Que tipo de adicións abarca a Estratexia Galega sobre Condutas Adictivas?

- a) Só drogas ilegais
- b) Só drogas legais
- ☒ c) Drogas e adicións sen substancia
- d) Exclusivamente alcol e Tabaco

24. Dacordo con o art 39 da Lei 39/2015, os actos das Administracións Públicas suxeitos a dereito administrativo presumíranse válidos e producirán efectos:

- ☒ a) Desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa.
- b) Desde o día seguinte en que se diten.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- c) Desde o día seguinte á data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa.
- d) Desde o día seguinte á súa publicación no BOE

25. Segundo a Lei 39/2015, Procedemento Administrativo Común, poñerán fin ao procedemento:

- a) A resolución e a desistencia.
- b) A imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso.
- c) A renuncia ao dereito no que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico e a declaración de caducidade.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

26. Segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a competencia:

- a) É irrenunciable e exerceuse por calquera órgano administrativo da Administración Territorial Local.
- b) É renunciante e exercerase polos órganos que a teñan atribuída como propia #de acordo con o previsto na Constitución Española de 1978, xa que esta é a Norma superior do noso ordenamento.
- c) É irrenunciable e exercerase polos órganos que a teñan como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nas leis.
- d) É renunciante e exercerase polos órganos que a teñan como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nas leis.

27.- Segundo o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a prórroga dos convenios:

- a) En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción
- b) Poderá acordarse por un período de ata cinco anos adicionais.
- c) Poderá ser acordada unilateralmente pola Administración, comunicándoo por escrito ás demais partes e ao Rexistro Electrónico de Órganos e Instrumentos de Cooperación no prazo dun mes.
- d) Poderá efectuarse dentro do mes posterior á finalización da vixencia do convenio, sempre que exista o acordo unánime dos asinantes

28. O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- a) maior de 13 anos
- ☒ b) maior de 14 anos
- c) maior de 16 anos
- d) maior de 18 anos

29.O plan concertado para o desenrolo das prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais créase en:

- a. En 1987.
- ☒ b) En 1988.
- c) En 1989.
- d) Todas as respostas son falsas

30. Actuará como interlocutor do responsable ou encargado do tratamento #ante a Axencia Española de Protección de Datos e as autoridades autonómicas de protección de datos:

- ☒ a) o delegado de protección de datos
- b) o representante do afectado
- c) a autoridade de control española ou autonómica
- d) a unión de afectados polo tratamento

31. Segundo a Ordenanza reguladora do SAF do Concello de Ponteceso: Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outras, as seguintes actuacións e servizos:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- ☒ d) As tres respostas anteriores son correctas.

32. A Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. En canto prestación económica, ten carácter alimenticio, persoal e non transmisíble, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de deberes, e é compatible:

- a) Coas PNCs, ou con calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior á das



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

devanditas pensións.

b) Os ingresos, pensións ou prestacións percibidas por outras persoas integrantes da unidade de convivencia distintas da titular serán incompatibles e nin deducibles do impoñerche da renda.

☒ c) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

d) Todas as respostas anteriores son correctas

33. Segundo o Decreto 99/2012 nunca se aplicará copagamento aos seguintes programas ou servizos:

a) Servizos de información, orientación e valoración.

b) Servizo de educación e apoio familiar.

c) Servizos vinculados a la atención temperá

☒ d) Todas as respostas son correctas.

34. O sistema da dependencia intégrase en:

a. O sistema sanitario.

b. O sistema de saúde.

☒ c. O sistema de servizos sociais.

d. Ningunha das anteriores é correcta.

35. Segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, autonomía é:

☒ a) A capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo con as normas e preferencias propias.

b) Cando a persoa válese por si mesma.

c) A e B son correctas.

d) Todas as respostas anteriores son falsas.

36. O artigo 18.2 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, cando fala de Prestacións Económicas establece dúas clases:

☒ a) Esenciais/Normalizadoras.

b) Urxentes/non urxentes.

c) Normalizadoras/complementarias.

d) Ningunha das anteriores é correcta.

37. Os servizos sociais comunitarios, de carácter predominantemente local, están:

a) Referenciados a un territorio e poboación determinados.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- b) Son o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.
- ☒ c) As dúas respostas anteriores son correctas.
- c) Ningunha é correcta.

38. As persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios terán entre outros, os seguintes dereitos:

- a) A ser tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- b) A acceder e utilizar os servizos en condicións de igualdade e non discriminación.
- ☒ c) Todas son correctas.
- d) Ningunha é correcta.

39. De acordo con o artigo 8, a estrutura básica dos servizos sociais estrutúrase en forma de rede, en dous niveis de atención:

- ☒ a) Servizos Sociais comunitarios que comprenden á súa vez, dúas modalidades: Servizos Sociais comunitarios básicos ou específicos e Servizos Sociais especializados.
- b) Servizos Sociais comunitarios que comprenden á súa vez, dúas modalidades: Servizos Sociais comunitarios básicos ou especializados.
- c) Servizos Sociais comunitarios que comprenden á súa vez, dúas modalidades: Servizos Sociais comunitarios básicos ou Servizos Sociais comunitarios específicos.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

40. De acordo con o art. 5.6 Lei 39/2015, a falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de:

- a) Cinco días.
- b) Quince días.
- ☒ c) Dez días que deberá conceder para o efecto o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.
- d) Quince días que deberá conceder para o efecto o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Segundo a Lei 13/2008, o instrumento máis relevante de planificación é:

- a) A planificación dos servizos comunitarios.
- ☒ b) O Plan estratéxico de servizos sociais.
- c) O mapa de servizos sociais.
- d) O plan de prevención dos servizos sociais comunitarios.

2. Cantas leis de servizos sociais promulgáronse en Galicia?

- a) Unha.
- ☒ b) Dous
- ☒ c) Tres.
- d) Catro.

3. A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece que:

- a) As prestacións económicas serán compatibles entre si e cos servizos do catálogo establecidos no artigo 15, salvo cos servizos de prevención das situacións de dependencia, de promoción da autonomía persoal e de teleasistencia.
- ☒ b) As prestacións económicas serán incompatibles entre si e cos servizos do catálogo establecidos no artigo 15, salvo cos servizos de prevención das situacións de dependencia, de promoción da autonomía persoal e de teleasistencia.
- c) Os servizos serán compatibles entre si, a excepción do servizo de teleasistencia que será compatible co servizo de prevención das situacións de dependencia, de promoción da autonomía persoal, de axuda a domicilio e de centro de día e de noite.
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

4. Forma parte do catálogo de servizos da Lei de Dependencia (indicar o incorrecto):

- ☒ a) Asistencia persoal.
- b) Atención residencial.
- c) Centro nocturno.
- d) Centro de atención diúrna.

